



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte. n.º 3444/2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

É intención deste concello colaborar economicamente coas familias de menor renda para a realización de estudos oficiais, sendo a canle máis axeitada para esta finalidade a convocatoria dunha liña de axudas económicas ás ditas familias para cofinancia-los gastos de desprazamento ós centros de ensino.

O Pleno do Concello na sesión de data 28 de abril de 2016 aprobou as bases reguladoras destas axudas, que foron publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* n.º 87, de 9 de maio de 2016.

Dado que é previsible que a concesión das axudas que se convoquen se realice no exercicio 2021, esta convocatoria regúlase polo procedemento de tramitación anticipada previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. A contía total das axudas que se convocan é de 7.500 euros, importe que ten carácter estimado e que queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión das axudas.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la convocatoria de axudas a estudantes para o desprazamento ós centros de ensino correspondente ó curso académico 2020-2021, cuxo texto se recolle no anexo a esta resolución, por un importe máximo estimado de 7.500 €.

SEGUNDO.- Dar conta desta Resolución ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que realice.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

(documento asinado dixitalmente)

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2M0MMEXY4R4YPQTLJL2NK3EPE | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte. n.º 3444/2020

ANEXO

CONVOCATORIA DAS AXUDAS A ESTUDANTES PARA DESPRAZAMENTO ÓS CENTROS DE ENSINO, CURSO 2020-2021

1.- OBXECTO DAS AXUDAS

Esta convocatoria pública ten por obxecto regula-las axudas económicas para o transporte ós centros de ensino de estudantes que pertencen a familias que se atopan en condicións económicas e sociais desfavorábeis, para o curso 2020-2021. Estas axudas rexeranse polo disposto nesta convocatoria e nas bases reguladoras que foron aprobadas polo Pleno do Concello da Pobra do Caramiñal na sesión da data 28 de abril de 2016 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* n.º 87 de 9 de maio de 2016.

O orzamento máximo destinado a estas axudas é de 7.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 326.48200. Esta contía ten o carácter de estimada, quedando condicionada a concesión das axudas á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Teñen a condición de persoas beneficiarias as/os estudantes que cumpran tódolos requisitos que se indican deseguido. No suposto de estudantes menores de idade, terá a condición de persoa beneficiaria a nai, o pai ou a persoa titora. O requisitos que se deben cumprir para poder obter estas axudas son os seguintes:

- a) ser unha persoa nacional dun estado membro da Unión Europea ou estranxeira con permiso de residencia en España, e estar empadroada e residir no municipio da Pobra do Caramiñal, cunha antigüidade no padrón mínima dun ano dende a publicación desta convocatoria
- b) non estar en posesión, nin en condicións de estalo, dun título de máster oficial, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente
- c) estar matriculado/a con carácter presencial nalgún dos ensinos que se enumeran no artigo 3 da presente convocatoria
- d) que os ingresos per cápita da unidade familiar non superen o máximo establecido no artigo 5 desta convocatoria
- e) que a persoa beneficiaria non perciba outras subvencións, axudas ó estudo ou bolsas concedidas por outras administracións públicas ou entidades privadas para os mesmos estudos
- f) non ter pendente de xustificación ou reintegro ningunha axuda ou subvención

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2M0MMEXY4R4/PQTJL2NK3EPE | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

concedida polo Concello da Pobra do Caramiñal

3.- ENSINOS SUBVENCIONÁBEIS:

1.- Poderán ser beneficiarias destas axudas as/os estudantes que estean realizando algún dos seguintes ensinamentos:

- a) ensinamentos universitarios adaptados ó Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de grao e de máster
- b) ensinamentos universitarios conducentes ós títulos oficiais de licenciatura, enxeñaría, arquitectura, diplomatura, mestre/a, enxeñaría técnica e arquitectura técnica
- c) complementos de formación para acceso ó máster, grao ou para proseguir estudos oficiais de licenciatura
- d) ensinamentos da formación profesional
- e) ensinamentos da educación especial
- f) bacharelato, para opcións non ofertadas nos centros da Pobra do Caramiñal ou que non dispoñan de prazas vacantes

2.- Quedan excluídas das axudas os estudos que poidan cursarse no termo municipal da Pobra do Caramiñal e aqueles estudos que se realicen fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, excepto cando se xustifique a imposibilidade de acceder a eles na comunidade galega.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1.- As solicitudes cubriranse no impreso oficial que se inclúe como anexo I a esta convocatoria. Tódalas solicitudes deberán achega-la seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do documento de identidade do/a solicitante
- 2) Fotocopia do libro de familia
- 3) Para o caso en que as persoas interesadas manifesten a súa oposición ó acceso as bases de datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria, deberá achega-la fotocopia cotexada da última declaración da renda ou o certificado de imputación de rendas expedido pola AEAT de cada un dos membros integrantes da unidade familiar. Para os efectos da presente convocatoria, entenderase por unidade familiar o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio que o/a alumno/a solicitante de acordo cos datos do certificado de empadramento colectivo.
- 4) Certificado de empadramento colectivo
- 5) Fotocopia da matrícula oficial de estudos, ou certificado expedido polo centro,

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2MGMEXY4R4YPQJL2NK3EPE | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

acreditativo de que a persoa solicitante cursa estudos nel durante o curso académico 2020-2021

- 6) Certificación da conta bancaria ou da páxina da cartilla da conta bancaria que indique o número onde se fará o pagamento da axuda
- 7) Declaración da persoa solicitante de non percibir axuda ningunha para a mesma finalidade
- 8) Para o caso en que as persoas manifesten a súa oposición ó acceso ás bases de datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Seguridade Social, declaración responsábel da persoa solicitante de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- 9) Documentación acreditativa dos gastos satisfeitos en concepto de alugamento ou hipoteca da vivenda habitual durante o ano 2019
- 10) Calquera outra documentación acreditativa de situacións declaradas polos/as solicitantes tales como discapacidade, separación, divorcio etc., para os efectos do cálculo dos ingresos per cápita

2. O prazo para a presentación das solicitudes será de 15 días hábiles dende a publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*. As solicitudes deberán ser entregadas xunto coa documentación exixida nesta convocatoria no rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello da Pobra do Caramiñal para obter ou verifica-los datos do IRPF do ano 2019, necesarios para determina-la renda para os efectos da valoración das axudas, da Axencia Estatal da Administración Tributaria, así como as certificacións de se atopar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de acordo co artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A persoa solicitante poderá declarar na solicitude a súa oposición expresa a que o Concello obteña os datos mencionados no apartado anterior. En tal caso deberá entregar xunto coa solicitude a dita documentación.

5.- CRITERIOS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

1. As axudas concederanse ós/ás solicitantes cuxos ingresos per cápita da unidade familiar no ano 2019 non superen os 15.000 euros anuais. O cálculo dos ingresos per cápita realizarase do seguinte xeito:

a) Computarase a suma da base impoñíbel xeral e da base impoñíbel do aforro, imputábeis ó ano 2019, tal e como se definen na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), de tódolos membros da unidade familiar. Este importe dividirase entre o número de membros e, así,

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2M0MMEXY4R4YPQJLJL2NK3EPF | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

obteranse os ingresos per cápita da unidade familiar.

b) Entenderase como “unidade familiar” o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio que a persoa beneficiaria e pertencen a algún destes grupos:

1. a/o solicitante
2. pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección das persoas menores que formen parte da unidade familiar ou parella de feito legalmente constituída
3. irmáns e irmás menores de 25 anos e que perciban ingresos inferiores ó indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2019 (7.519,59 €)
4. irmáns e irmás de maior idade que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ó 33%
5. os/as ascendentes do pai e da nai que residan no mesmo domicilio

Ademais computarase un membro máis da unidade familiar por cada 5 puntos, tendo en conta a seguinte puntuación:

-existencia de persoas na unidade familiar cunha discapacidade acreditada igual ou superior ó 33%: 2 puntos

-existencia de persoas na unidade familiar beneficiarias de prestacións por orfandade absoluta: 3 puntos

- existencia de persoas na unidade familiar en situación legal de desemprego ou pensionistas por xubilación, incapacidade permanente ou asimilábeis: 2 puntos por persoa

- situación de viuvez, separación ou divorcio dos pais ou nais ou titores/as: 2 puntos

- inclusión da unidade familiar en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou nos cales se acrediten situacións de grave desvantaxe ou risco social: 3 puntos

2. Do conxunto dos ingresos de tódolos membros da unidade familiar obtidos no ano 2019 ós que se refire o apartado a) anterior deduciranse os gastos satisfeitos nese ano en concepto de alugamento ou pago de hipoteca da vivenda da unidade familiar. O importe resultante dividirase entre o número de membros da unidade familiar (obtido segundo as regras recollidas no apartado b), e o seu resultado será o importe dos ingresos per cápita da unidade familiar.

6.- CONTÍA DAS AXUDAS

1.- Os importes das axudas que se concederán serán os seguintes:

- alumnado que curse estudos en centros situados a 50 quilómetros ou menos do Concello da Pobra do Caramiñal: 100 euros

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2M0MMEXY4R4YPQTJL2NK3EPE | Corrección: <https://apobpra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

- alumnado que curse estudos en centros situados a máis de 50 quilómetros do Concello da Pobra do Caramiñal: 150 euros

Soamente se concederán axudas para a realización de estudos conducentes a unha titulación das mencionadas no artigo 3 desta convocatoria, de xeito que o alumnado que estea cursando no mesmo curso académico dous ou máis estudos de xeito simultáneo deberá indicar expresamente na solicitude para cal deles solicita as axudas. No caso de non se indicar este extremo na solicitude, unicamente serán subvencionábeis os estudos cuxo centro de ensino se atope a menor distancia de acordo co apartado 1 deste artigo.

2.- As axudas aboaranse ás persoas beneficiarias das axudas concedidas a través dun pagamento único na conta bancaria indicada na solicitude.

3.- En caso de que o importe resultante das axudas superase o crédito orzamentario aprobado e indicado no número 1 desta convocatoria, concederase a axuda (ou parte dela) a aquelas que teñan os menores ingresos per cápita (asignando a totalidade do crédito orzamentario). No caso en que exista empate de ingresos per cápita, e como consecuencia de supera-lo crédito orzamentario, algún deles non puidese recibila axuda, esta será repartida proporcionalmente á cantidade dispoñíbel.

7.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

1.- A instrución do procedemento corresponderalle ó persoal empregado público da área de Xuventude e Consumo, que realizará a avaliación das solicitudes presentadas e de se-lo caso requirirá as emendas que procederen para que cumpran os requisitos exixidos nas presentes bases. O prazo de emenda será de dez días hábiles improrrogábeis; no suposto de que os defectos non sexan emendados, o órgano instrutor propondrá o rexeitamento das ditas solicitudes.

2.- O procedemento de concesión será o procedemento abreviado a que se refire o artigo 22 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así, a proposta de concesión formularase polo órgano instrutor, que deberá

- facer constar expresamente que da información que obra no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren tódolos requisitos necesarios para accederen á axuda;

- ser motivada, debendo indica-los criterios de concesión empregados e, de se-lo caso, a puntuación ou valoración obtida en cada un deles para cada solicitude, así como o importe da axuda que lle corresponda;

- indica-las solicitudes para que se propón a denegación, así como a súa causa.

3.- A resolución do procedemento de concesión destas axudas corresponderá á Alcaldía ou, de se-lo caso, ó órgano que teña delegada a competencia no momento da concesión, despois da fiscalización pola Intervención municipal.

8.- CONTIDO E PRAZO DE RESOLUCIÓN

Concello da Pobra do Caramiñal





Concello da Pobra do Caramiñal

1. O prazo máximo para a notificación da resolución da concesión das axudas finalizará no día 30 de decembro do ano natural en que se publique esta convocatoria.

2. A resolución da concesión expresará

- a persoa beneficiaria ou relación delas a quen se outorga a subvención coas contías individualizadas, especificando os criterios de valoración seguidos, así como a desestimación e a non concesión, por desistencia, renuncia ó dereito ou imposibilidade material sobrevida das solicitudes non atendidas;

- unha relación por orde decrecente da puntuación obtida daquelas persoas solicitantes a quen, aínda reunindo as condicións administrativas e técnicas para adquiri-la condición de beneficiarias, non se lles concede a subvención por ser inferior a súa puntuación á das persoas seleccionadas e non ter cabida na contía máxima convocada. Estes/as solicitantes quedarán nunha lista de espera no caso de que algunhas das subvencións concedidas quedasen sen efecto por renuncia, en cuxo caso poderá outorgarse a subvención solicitada sempre e cando se liberase crédito suficiente para atender ó menos unha das solicitudes denegadas.

3. A notificación da resolución da concesión realizarase mediante a publicación na sede electrónica municipal (<https://apobra.sedelectronica.es>) e na páxina web municipal www.apobra.gal nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, as persoas beneficiarias poderán facer consta-lo seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a súa publicación poida ser contraria ó respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

4. A resolución da concesión porá fin á vía administrativa, de maneira que a persoa interesada poderá interpor contra a dita resolución, potestativamente e á súa elección, un recurso de reposición ante o mesmo órgano administrativo que ditou a resolución, no prazo máximo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa notificación; ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados ou tribunais do contencioso-administrativo, neste caso no prazo máximo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e os artigos 10, 14, 25 e 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estimar procedente.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- De acordo co artigo 30.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión das presentes axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que a/o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

2.- O aboamento da subvención realizarase mediante un ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada pola persoa beneficiaria, nun único pagamento despois da resolución da concesión.

Concello da Pobra do Caramiñal





Concello da Pobra do Caramiñal

10. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As axudas reguladas nestas bases son incompatíbeis con outras subvencións, axudas ó estudo ou bolsas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou entidades privadas.

11. OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias das axudas que se regulan nesta convocatoria quedan obrigadas a

1.- Destina-la axuda á finalidade para a cal se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia á clase e presentación ós exames.

2.- Acreditar ante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión das axudas.

3.- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na súa solicitude. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación presentada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación, revogación ou reintegro da axuda, sen prexuízo das restantes responsabilidades que puidesen derivarse.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación que se realicen pola Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia ou o Tribunal de Contas, entregando canta información lles sexa requirida no exercicio das citadas actuacións. En particular, cando no exercicio de actuacións de control e comprobación sexan requiridas para iso, deberán presenta-la acreditación documental que se lles requira xustificativa de realizar ou estar realizando os estudos para os cales se concederon as axudas. A non presentación no prazo ou a presentación insuficiente da documentación requirida, ademais de dar lugar ás obrigacións de reintegro da subvención percibida que procedan, impedirá a obtención ou, de se-lo caso, o pagamento de posteriores axudas reguladas nestas bases.

5.- Devolve-lo importe da axuda ou a súa parte proporcional, cando non se realiza-la actividade para a cal foi outorgada ou non se xustificar no prazo e na forma, se foren requiridas para iso.

6.- Pór en coñecemento da entidade concedente a anulación da matrícula así como calquera outra alteración das condicións tidas en conta para a concesión.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, infórmase de que as subvencións concedidas poderán ser incorporadas ó Rexistro Público de Subvencións galego.

12.- APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN DA PRESENTE CONVOCATORIA

No non previsto nesta convocatoria estarase ó disposto nas bases reguladoras aprobadas na sesión plenaria do día 28 de abril de 2016 (publicadas no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* n.º 87 de 9 de maio de 2016); na Lei 38/2003, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2M0MMEXY4R4YPQTJL2NK3EPE | Corrección: <https://apobpra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

desenvolvemento da Lei xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

(documento asinado dixitalmente)

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2MGMMEXY4R4/PQTLJL2NK3EPE | Corrección: <https://apobra.selectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

SOLICITUDE DE AXUDAS DE TRANSPORTE ESTUDANTES. CURSO 2020-2021

A. DATOS DO/A ALUMNO/A:

NOME E APELIDOS: _____

DNI/NIE: _____

ENDEREZO: _____

B. (Se o/a alumno/a é menor de idade) DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL:

NOME E APELIDOS: _____

ENDEREZO: _____

NA CALIDADE DE PAI NAI TITOR/A LEGAL

C. DATOS ACADÉMICOS E DO CENTRO DOCENTE:

Estudos que cursa: _____

Curso: _____ Nome do centro: _____

Localidade do centro docente: _____

D. DATOS DE CONTACTO:

TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO : _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

- A fotocopia do DNI/NIE do/a solicitante
- A fotocopia do libro de familia
- A fotocopia da matrícula oficial de estudos ou certificado, expedido polo centro, acreditativo de que a persoa solicitante cursa estudos nel
- A certificación da conta bancaria ou da páxina da cartilla da conta bancaria que indique o número onde se fará o pagamento da axuda
- O certificado de empadronamento colectivo
- Outra documentación acreditativa de situacións declaradas polos/as solicitantes para os efectos do cálculo dos ingresos per cápita:

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192





Concello da Pobra do Caramiñal

- Existencia de persoas na unidade familiar cunha discapacidade acreditada igual ou superior ó 33%
- Existencia de persoas na unidade familiar beneficiarias de prestacións por orfandade absoluta
- Existencia de persoas na unidade familiar en situación legal de desemprego
- Existencia de persoas na unidade familiar en situación legal de pensionistas por xubilación
- Existencia de persoas na unidade familiar en situación legal de incapacidade permanente ou asimilábeis
- Situación de viuvez, separación ou divorcio dos pais ou nais ou tutores/as
- Outros (detallar): _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Que en relación coa subvención que se solicita:

Non se obtiveron outras subvencións, axudas ó estudo ou bolsas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou entidades privadas.

Solicitouse unha axuda/bolsa á seguinte entidade: _____, concedida polo importe de _____ OU que está pendente de resolución .

2. Non estar incurso/o en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nin en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Estar ó día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Que me comprometo a comunica-la obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou privado, a partir desta declaración.

5. Que tódolos datos incorporados á presente solicitude se axustan á realidade, quedando informada/o de que calquera falsidade ou omisión nos datos declarados poderá supo-la anulación e devolución das axudas percibidas.

A presentación desta solicitude supón, de acordo do artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 5 da convocatoria das axudas, a autorización ó Concello da Pobra do Caramiñal para obter directamente da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos do imposto da renda das persoas físicas do ano 2016, así como as certificacións de se atopar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Se desexar denega-la dita autorización, marque un "X" no seguinte cadro e deberá presentar con esta solicitude a documentación onde figure a información anterior.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello da Pobra do Caramiñal, co obxecto de xestiona-lo presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer-las dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello, como responsábel do ficheiro, solicitándoo mediante un escrito dirixido ó Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Caramiñal, rúa Gasset, 28, 15940, A Pobra do

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2MOMMEXY4R4YPQTJL2NK3EPE | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

Caramiñal (A Coruña).

A Pobra do Caramiñal, a _____ de _____ de 20_____

Sinatura:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cod. Validación: A2M0MMEXY4R4/PQTLJL2NK3EPE | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 13



Concello da Pobra do Caramiñal

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR: as persoas abaixo asinantes autorizan o Concello da Pobra do Caramiñal a recada-los datos tributarios relativos ó IRPF e da Seguridade Social precisos para a valoración da solicitude:

Nome e apelidos: _____ NIF _____
Parentesco: _____
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente.)
Sinatura: _____

Nome e apelidos: _____ NIF _____
Parentesco: _____
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente.)
Sinatura: _____

Nome e apelidos: _____ NIF _____
Parentesco: _____
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente.)
Sinatura: _____

Nome e apelidos: _____ NIF _____
Parentesco: _____
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente.)
Sinatura: _____

Nome e apelidos: _____ NIF _____
Parentesco: _____
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente.)
Sinatura: _____

Concello da Pobra do Caramiñal

